

REGULAMENTO DO SERVICIO DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE A DOMICILIO.

TÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS.

Artigo 1.

O subministro de auga potable a domicilio rexerese polas disposicións deste Regulamento, redactado de conformidade co establecido na lexislación de Réxime Local e Ordenanza fiscal vixente.

Artigo 2.

O Concello concederá o subministro de auga potable a domicilio a solicitude dos interesados nas condicións que este Regulamento establece.

Para ter dereito ao subministro de auga potable a domicilio, será condición indispensable estar ao día nos pagos a que o solicitante estea suxeito polas diferentes cotas da tributación local. A presente condición ten o carácter de excluínte para a prestación do servicio.

Toda concesión confire unicamente a facultade de consumi-la auga para o fin e na forma que veña de ser solicitada e correlativamente concedida; calquera alteración somete ao concesionario ás penalidades consignadas neste Regulamento.

Artigo 3.

As concesións outorgaranse por acordo da Comisión de Goberno, previa solicitude; innovacións ou modificacións posteriores anularán a concesión primitiva e darán lugar a unha nova solicitude.

Artigo 4.

A concesión da conexión obriga ao aboado ao cumprimento das súas cláusulas, ás condicións da mesma e deste Regulamento, dos dereitos que correspondan segundo tarifas vixentes no momento de liquidación e uso da auga para o fin e forma concedida.

Artigo 5.

Os propietarios dos inmobles son solidariamente responsables dos subministros de auga que se realicen aos mesmos, aínda que non foran solicitados nin consumidos por eles.

Artigo 6.

En caso de non se-los propietarios do inmoble os que soliciten a concesión, estes obrígase a comunicar a aqueles a responsabilidade que adquiren, podendo o Concello en calquera momento esixirlles que acrediten ter cumprido esta obriga. En todo caso o Concello resérvase o dereito de esixir fianza, aval bancario ou doutra natureza, ao seu arbitrio que garantan o cumprimento das obrigas adquiridas.

TÍTULO II.- DAS CONCESIÓN EN XERAL.

Artigo 7.

A utilización do subministro de auga farase tomando o aboado a que necesite, sen limitación algunha, determinándose o volume consumido mediante un aparato contador.

O Concello en ningún caso garante a cantidade ou calidade do subministro, o que sempre terá o carácter de precario para o usuario.

Artigo 8.

Os concesionarios son responsables do cumprimento das disposicións deste Regulamento por si e por cantas persoas se atopen nos seus locais ou vivendas, así como de tódolos danos e prexuízos que calquera deles poidan causar con motivo do servizo.

Artigo 9.

Se o aboado non reside nesta localidade deberá asignar representante na mesma para cantas notificacións, relacións en xeral, incluso económicas de pago de recibos, entre el e este concello dean lugar a prestación do servizo e tódalas súas incidencias.

Artigo 10.

As concesións serán por tempo indefinido e o concesionario cumprirá o sinalado na Ordenanza, presente Regulamento mailo especificado na concesión.

Artigo 11.

Cada concesión irá anexa a unha finca ou servizo e a toma de auga anexa á concesión.

Artigo 12.

As concesións clasificaranse, segundo os usos a que se destine a auga, nos seguintes grupos:

1. Usos domésticos en domicilios particulares e edificios.
2. Usos industriais e comerciais.

Artigo 13.

Enténdese por usos domésticos toda-las aplicacións que se dan en auga para atende-las necesidades da vida e hixiene privada, como son a bebida, a preparación de alimentos e a limpeza persoal e doméstica; tamén se consideran dentro deste grupo o gastado para rego de xardíns, enchedura de piscinas, etc., en domicilios particulares.

Artigo 14.

Entendese por usos industriais e comerciais o subministro a calquera local que non teña a consideración de vivenda, sexa calquera a actividade ou industria que se exerza nel.

Non obstante, a estes efectos consideraranse tamén como industriais, non soamente as instalacións en locais ou establecementos independentes, senón aquelas industrias domiciliarias instaladas nas propias vivendas, así como tamén os de carácter agropecuario: cortes, vacarizas, leiterías, etc.

Artigo 15.

As concesións para usos especiais serán dadas por Resolución da Alcaldía en caso de urxencia, fixándose en cada caso concreto as condicións da mesma. Unicamente nestes casos e cando a utilización vaia a ser por quince días ou menos poderá concederse a tanto alzado diario, tomándose as medidas oportunas sobre limitadores, chaves, etc., que se estimen procedentes.

Artigo 16.

O Concello reservase o dereito de fixar, en cada caso concreto, atendendo a forma e finalidade do servizo a cualificación do mesmo, condicións da concesión, así como a tarifa aplicable.

TÍTULO III.- CONDICIÓNS DA CONCESIÓN.

Artigo 17.

Ningún concesionario poderá disfrutar da auga a cano libre, excepción feita do disposto no artigo 15.

Artigo 18.

Ningún aboado poderá destinar a auga a outros fins distintos dos que comprenda súa concesión, quedando prohibida, total ou parcialmente, a cesión gratuíta ou a revenda da auga a outros particulares, salvo casos de calamidade pública ou incendio.

Artigo 19.

Ao obxecto de permitir a súa lectura desde o exterior, os contadores radicaranse adosados á parede da fachada pola cal penetre a tubaría ou parede que se constrúa para tal fin. Instalaranse dentro dun cadro de contador, realizándose tódalas operacións baixo as directrices que marque o Concello.

En edificios con varias vivendas ou locais, a toma será única para todo o edificio. A toma particular de cada vivenda deberá reuni-las mesmas condicións; en todo caso os contadores, coas súas correspondentes chaves de paso para controlar o servizo individualizado de cada usuario estarán no cuarto exclusivo de contadores de auga para a súa inspección e lectura.

Artigo 20.

De existir urbanizacións no Municipio que sexan subministradas polo Concello, estas quedan obrigadas a instalar un contador xeral á entrada da urbanización, sen prexuízo da instalación pola Comunidade de Propietarios, pola súa conta e risco dos contadores individuais para cada parcela ou finca que constitúa a urbanización; debendo pagar cada un os dereitos de acometida que lle correspondan.

Artigo 21.

Os contadores da auga cos seus accesorios e manguera correspondente serán instalados ata a súa vivenda ou local polo propio concesionario e á súa conta, baixo as prescricións do Concello, que así mesmo procederá ao precintado do contador.

Artigo 22.

Se o curso das augas experimentase nalgunhas partes, en toda a rede, variacións e interrupcións por secas, xeadas, reparacións por avarías, auga sucia, escaseza ou insuficiencia do caudal, e calquera outros semellantes, no poderán os concesionarios facer reclamación algunha en concepto de indemnización por danos ou prexuízos, nin outro calquera, sexa cal fora o tempo que dure a interrupción do servico, entendéndose que neste sentido a concesión do subministro faise sempre a título de precario, quedando obrigado-los concesionarios, non obstante, ao pago do mínimo mensual establecido, e/ou lectura do contador, segundo proceda.

No caso de que houbera necesidade de restrinxi-lo consumo da auga por escaseza, as concesións para usos domésticos serán as últimas ás que se restrinxiría o servico.

TÍTULO IV.- OBRAS E INSTALACIÓNS, LECTURAS E INSPECCIÓN.

Artigo 23.

O Concello polos seus empregados, axentes e dependentes, ten o dereito de inspección e vixilancia das conduccións, instalacións e aparatos do servico de augas, tanto en vías públicas ou privadas ou en fincas particulares e ningún aboado pode opoñerse á entrada á súas propiedades para a inspección do servico, que deberá efectuarse en horas de luz solar, salvo casos graves ou urxentes, a xuízo da Alcaldía.

Tal facultade enténdese limitada ás tomas de auga á rede xeral e a posible existencia de enxertos ou derivacións non controladas, usos distintos do solicitado e defraudacións en xeral.

En casos de negativa á inspección procederase ao corte no subministro e para restablecelo deberá o aboado autoriza-la inspección e pagar o total do importe da concesión mailos gastos que se houberan causado, sen prexuízo das demais responsabilidades a que houbera lugar, de atopar algunha anomalía, infracción ou defraudación.

Artigo 24.

As obras de acometida á rede xeral, subministro e colocación de tubarias, chaves e pezas para a conducción da auga até o contador, farase polo persoal municipal e baixo a súa dirección técnica e a conta da concesión da licenza que aboará o concesionario. Cando o contador non se poida colocar na beirarrúa, o concesionario deberá aboar pola distancia entre este e a conexión coa rede a cantidade que se estableza na correspondente Ordenanza fiscal do servico.

O resto das obras no interior da finca poderá facelas o concesionario libremente, aínda que o Concello poida dictar normas de carácter xeral para a seguridade e bo funcionamento do servico; en todo caso, aplicaranse os regulamentos de instalacións

sanitarias e disposicións análogas.

Artigo 25.

Tódalas obras que se pretendan realizar polos usuarios que afecten ou poidan afectar á rede xeral e ás súas tomas, serán solicitadas por escrito, con trinta días de anticipación, sendo de conta do concesionario autorizado o custe das mesmas.

Artigo 26.

O aboado satisfará ao Concello da auga consumida de acordo coa tarifa vixente á vista dos datos que resulten das lecturas. Así mesmo, deberá abonar o importe da cota de mantemento do contador.

Artigo 27.

Se ao ir realiza-la mesma estivera pechada a finca e fora imposible levala a cabo, aplicaráselle ao concesionario o mínimo mensual indicado na tarifa. Cando poida ser feita a lectura facturaranse os metros consumidos dende a última realizada, sen estima-los mínimos facturados.

Non procederá a acumulación do contador que estivera colocado ao exterior da finca e a súa lectura poida efectuarse sen necesidade de penetrar na mesma.

Non obstante o anterior, será facultade discrecional do Concello aceptar que o concesionario poida, baixo a súa responsabilidade, comunicar, antes de estende-los recibos, a lectura que tivera o seu contador que non puido ser lido polos empregados municipais, para factura-lo consumo realizado. A falta de veracidade nos datos que se comuniquen equipararase á alteración maliciosa das indicacións do contador e será perseguida de acordo co disposto no Código Penal, sen prexuízo das sancións e reclamacións que sinala o presente Regulamento.

Artigo 28.

A lectura de contadores e vixilancia das tomas de auga efectuarase exclusivamente polos empregados municipais, os que coidarán baixo a súa persoal responsabilidade que non se cometa ningún abuso.

Artigo 29.

Se ao facer a lectura e durante as visitas de inspección que se xiren, viñera a se comprobar que o contador está avariado, comunicarase ao propietario que se vai proceder a súa substitución.

Artigo 30.

A vixilancia do bo funcionamento do contador realizarase por persoal do concello, debendo os concesionarios velar polo seu correcto funcionamento e poñer as irregularidades observadas en coñecemento do concello no prazo de vinte e catro horas a partir da detección do defecto ou avaría.

Artigo 31.

Os aboados teñen dereito a solicitar do Concello, en calquera momento, a verificación dos contadores instalados nos seus domicilios.

No caso dun mal funcionamento dun contador, o Concello procederá a realiza-las rectificacións oportunas, en máis ou en menos, polos consumos realizados, tomando como base consumos anteriores do usuario ou analoxicamente con outros de características similares.

Artigo 32.

Tódolos contadores que se coloquen para o control do subministro serán selados e precintados polo persoal encargado do servicio. Estes precintos non poderán ser retirados baixo ningún pretexto polos aboados.

TÍTULO V.- TARIFAS E PAGO DE CONSUMOS.

Artigo 33.

As tarifas determinaranse na Ordenanza correspondente e deberán ser sometidas á aprobación dos Órganos que legalmente procede.

O Imposto do valor engadido (IVE) engadirase á tarifa aprobada.

Artigo 34.

O pago dos dereitos de acometida efectuarase unha vez concedida e antes de efectua-la toma, podéndose esixir o devandito pago antes da concesión en conexións urxentes.

O Concello poderá acorda-lo seu pago nas oficinas municipais ou por ingreso nunha conta corrente en Bancos ou Caixas de Aforros.

Os importes dos recibos que non foran satisfeitos no período voluntario antes expresado, cobraranse por vía de prema de acordo coas disposicións legais vixentes, cos recargos e intereses procedentes, se non se puidera conseguir o seu cobro a pesar se telo intentado, segundo prescribe o artigo 27.6 da Lei de Taxas e Prezos públicos.

Artigo 35.

Á par que o cobro por vía de prema, de acordo co artigo anterior, a Comisión de Goberno, previo informe do Secretario da Corporación, poderá acordar o corte do subministro; notificada esta resolución, se no prazo de tres días non se fixeran efectivos os recibos endebedados, pasarase comunicación á Delegación de industria e autoridade gubernativa e procederase ao corte do subministro, o que para ser rehabilitado levará consigo o aboo de novos dereitos de acometida.

TÍTULO VI.- INFRACCIÓN E PENALIDADES.

Artigo 36.

O que usara deste servicio de auga potable a domicilio sen vir de obter a oportuna concesión e pagado os correspondentes dereitos de acometida ou solicitado unha soa acometida a utilizara para varias vivendas ou locais, tendo aboadado unha soa,

impoñeráselle unha multa por importe do triple da cantidade que corresponda pola acometida e a auga consumida dunha vivenda ou industria similar, sen prexuízo doutras responsabilidades, incluso de tipo penal.

Artigo 37.

O que transvase auga a outras fincas ou permita tomala a persoas estrañas sen variar en ningún dos casos o uso autorizado pola concesión, pagará o consumo que resulte dende a última lectura ao triple da correspondente tarifa.

En caso de reincidencia será penado con igual sanción, perdendo os dereitos da concesión. Para restablecela, pagará o total doutra nova mailos gastos orixinados.

Artigo 38.

A aplicación da auga concedida para usos distintos do autorizado sancionárase liquidando todo o consumo ao prezo da tarifa máis alta e con multa do triple da cantidade tarifada.

Artigo 39.

As defraudacións de auga en calquera das formas sinaladas no Código Penal, serán perseguidas e denunciadas diante da xurisdicción correspondente, sen prexuízo das reclamacións polo consumo, multas e indemnizacións, xa que a responsabilidade penal é compatible coa civil.

Artigo 40.

Nos casos previstos no artigo anterior para a denuncia diante da xurisdicción correspondente, procederase ao corte do subministro e a levantar unha acta de constancia de feitos.

O restablecemento co servizo non implicará, en modo algún, renuncia ou desestimento das accións e indemnizacións que correspondan ao Concello. Para levalo a cabo haberá que reparar os danos causados, ao ter a instalación e demais na forma sinalada neste Regulamento, satisfácala auga e demais accións administrativas aquí previstas con pago de novos dereitos de acometida.

Artigo 41.

Cando aparezan cometidas varias infraccións, as multas e indemnizacións terán carácter acumulativo e unhas non excluírán ás outras nin ao pago da auga consumida ou que se calcule que o foi.

Artigo 42.

Tódalas multas e indemnizacións consignadas nos artigos precedentes faranse efectivas no prazo de quince días, transcorrido o cal suspenderase o servizo inmediatamente e procederase de oficio contra os morosos. A rehabilitación do servizo levará consigo o pago de novos dereitos de acometida.

Artigo 43.

O Concello, por acordo da Comisión de Goberno, previo informe do Secretario da Corporación, poderá ordena-lo corte do subministro de auga a calquera aboado que infrinja as normas deste Regulamento.

Artigo 44.

Ademais das penas sinaladas nos artigos precedentes, o Sr. Alcalde poderá sanciona-las infraccións que se cometan, dentro dos límites que autoricen as disposicións vixentes.

Artigo 45.

Tódalas reclamacións relacionadas con este Servicio, deberán facerse por escrito e aporta-las probas que se consideren oportunas, debendo ter aboados tódolos recibos, salvo aqueles contra os que se formule reclamación, noutro caso non serán admitidas.

Para resolver estas reclamacións queda facultada a Comisión Municipal de Goberno, quen resolverá por acordo, previas as correspondentes pescudas.

Vixencia.- O presente Regulamento, coas modificacións introducidas por acordo plenario de data 27 de decembro de 2000, e que consta de corenta e cinco artigos, comezará a rexer dende a publicación definitiva do seu texto no B.O. da Provincia, permanecendo en vigor sen interrupción até tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

Dilixencia.- Para facer constar que o precedente regulamento foi modificado en varios dos seus artigos por acordo do Pleno da Corporación de data 27 de decembro de 2000, e procedida a súa exposición ao público polo prazo regulamentario, mediante a súa inserción no B.O. da Provincia nº 11, de 16 de xaneiro do mesmo ano, non se viu a producir reclamación ningunha polo que en virtude do disposto no artigo 49 in fine da Lei 7/1985, de 2 de abril (modificada pola Lei 11/1999, de 21 de abril), queda elevada tal aprobación a definitiva.

Salvaterra de Miño, a 16 de marzo de 2001.

O Secretario.